

Intervencións preventivas sensibles á perspectiva de xénero

Plan de atención integral á saúde da muller de Galicia



xénero e drogas

Edición bilingüe galego - castelán

Intervencións preventivas sensibles á perspectiva de xénero

Plan de atención integral á saúde da muller de Galicia



xénero e drogas

AUTOR

Sánchez Pardo, Lorenzo

GRUPO DE TRABAJO

Bermejo González, Pilar

Cid González, Aurora

Fernández Lamparte, Mónica

Morán Iglesias, Jesús

Platas Ferreiro, Lydia

Diseño e realización:


Krissola diseño, S.L.

D.L.:

1. Introducción	4
2. Obxectivos do manual	8
3. Resultados da investigación: evidencias que avalan a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero aos programas de prevención das drogodependencias	10
Relacionadas coa saúde	11
Relacionadas coas drogas	13
4. Propostas para incorporar a perspectiva de xénero aos programas de prevención das drogodependencias	30
Propostas en materia de investigación e formación	31
Propostas relacionadas coas políticas, os plans e programas en materia de prevención	33
5. Recensións bibliográficas	36
6. Glosario sobre xénero	40

1

Introducción



O xénero condiciona de xeito importante a saúde de homes e mulleres e a súa relación coas drogas, constituíndo un elemento central que debe ser tido en conta no deseño das intervencións preventivas. Malia isto, a perspectiva de xénero non foi incorporada ás investigacións epidemiolóxicas realizadas no noso país e, consecuentemente, ás políticas que se veñen aplicando no ámbito da prevención das drogodependencias.

A influencia que o modelo tradicional de roles feminino e masculino segue exercendo nas percepcións sociais distorsiona o coñecemento e a análise da realidade dos consumos de drogas e das drogodependencias. Aínda hoxe continúan a interpretarse estes comportamentos en clave masculina, considerando que as mulleres seguen un patrón similar ao dos homes. Este nesgo fai que os programas de prevención das drogodependencias aborden as súas respectivas poboacións destinatarias como se fosen un todo monolítico, que compartise as mesmas motivacións, patróns e problemas en relación coas drogas (as dominantes entre os homes).


Aínda que nos últimos anos se lograron progresos importantes en materia de prevención, entre os que destaca a acumulación de evidencias científicas sobre os factores asociados ao uso e abuso de drogas e en relación coa efectividade dos programas de prevención das drogodependencias, sábese moi pouco acerca da situación diferencial en homes e mulleres. A ausencia da perspectiva de xénero na investigación epidemiolóxica das drogas e no marco das avaliacións realizadas das estratexias preventivas determina que o coñecemento actual sobre algunhas dimensións claves para o establecemento de políticas efectivas en materia de prevención sexa moi limitado. Esta carencia de coñecementos é especialmente relevante no referente a:

- Os factores asociados ou motivacións que levan homes e mulleres a iniciarse no consumo de drogas, a manter eses consumos e a desenvolver trastornos adictivos.

- Os mecanismos que explican a distinta vulnerabilidade de homes e mulleres fronte aos consumos de drogas.
- Os factores que determinan a efectividade das estratexias preventivas con homes e mulleres (o seu distinto nivel de éxito).
- A perspectiva de xénero permite comprender as relacións específicas que homes e mulleres manteñen coas drogas, as súas semellanzas e diferenzas.

Son múltiples as razóns que aconsellan abordar a prevención das drogodependencias desde unha perspectiva de xénero:

- Homes e mulleres manteñen relacións específicas coas drogas, onde, xunto a elementos e características comúns ou compartidas, é posible observar patróns de consumo diferentes.
- As motivacións para iniciarse ou manterse no consumo das distintas drogas non son sempre coincidentes. De feito, as investigacións realizadas ata o momento confirman a existencia de factores de risco que favorecen o inicio do consumo de drogas ou a continuidade dos mesmos factores específicos en homes e mulleres.
- De igual modo, non todos os factores de protección teñen o mesmo impacto ou exercen a mesma influencia nos homes e nas mulleres.
- As diferenzas biolóxicas, psicolóxicas, sociais e culturais entre homes e mulleres exigen que as estratexias e actividades para previr o consumo de drogas se adapten a estas.
- A adicción ás drogas en homes e mulleres segue un curso e ten características diferentes.
- Os efectos ou consecuencias derivados do uso e abuso de drogas son distintos en homes e mulleres.
- En suma, non é posible ofrecer as mesmas respostas, afrontar coas mesmas estratexias e instrumentos realidades diferentes.



Abordar os consumos de drogas e as drogodependencias desde unha perspectiva de xénero supón:

- Ter presentes as diferenzas e peculiaridades de xénero, é dicir, os factores de tipo físico, psicolóxico e social que condicionan as motivacións para consumir drogas, os distintos patróns de uso e os diferentes efectos e consecuencias.
- Eliminar as desvantaxes ou desigualdades que o xénero establece á hora de acceder aos servizos e recursos asistenciais e preventivos.

2

Objetivos do manual



O manual pretende cubrir dous obxectivos básicos:


- **Sistematizar** as evidencias científicas dispoñibles acerca dos factores asociados ao uso e/ou abuso de drogas en homes e mulleres e sobre a eficacia diferencial que as distintas estratexias preventivas que se veñen ensaiando no eido da prevención das drogodependencias teñen en cada un destes colectivos.
- **Establecer** unha serie de criterios orientadores xerais que, baseados na evidencia e na avaliación de resultados no campo da saúde, lles permitan aos profesionais que traballan no campo da prevención incorporar a perspectiva de xénero ao deseño e avaliación das súas actuacións preventivas co fin de mellorar a súa eficacia.

Incorporar a perspectiva de xénero no deseño e execución de programas de prevención das drogodependencias implica:

- Incluir nos estudos epidemiolóxicos que se van realizar no campo das drogodependencias variables, complementarias ao sexo, que nos permitan coñecer dimensións sensibles en clave de xénero (a dependencia emocional, o estado emocional, o tipo de ocupación, a implicación nas tarefas do fogar e o coidado dos fillos, relación familiar ou de parella, actividade sexual, etc.).
- Analizar o distinto grao de vulnerabilidade que fronte aos factores de risco asociados ao consumo teñen homes e mulleres e en que medida os modelos de roles de xénero dominantes en cada grupo de idade (adolescentes/mozos e persoas adultas) condicionan as diferentes respostas ante estes.
- Coñecer o distinto tipo de resposta de homes e mulleres, mozos e adultos, fronte ás distintas estratexias preventivas, para ir xerando evidencias que permitan seleccionar aquelas que en cada colectivo se mostren máis efectivas.
- Modificar os obxectivos e contidos dos programas de prevención, incorporando obxectivos e actuacións dirixidas especificamente para homes e mulleres ou mozos e mozas.
- Modificar os coñecementos e actitudes dos profesionais respecto do xénero e da linguaxe, para que esta sexa inclusiva das mulleres.

3

Resultados da investigación: evidencias que avalan a necesidade de incorporar a **perspectiva de xénero** aos programas de prevención das drogodependencias





Relacionadas coa **saúde**

- A perspectiva de xénero axuda a comprender un dos grandes paradoxos existentes en relación coa saúde, como é o feito de que as mulleres viven máis pero o seu estado de saúde é peor que o dos homes. Mentres que o peor estado de saúde das mulleres se relaciona en boa medida cunha posición social máis desfavorecida, a menor esperanza de vida dos homes asóciase con hábitos máis insáns e condutas de risco que implican máis mortes por accidentes e outras causas na idade media da vida (VERBRUGGE, L. M. 1989).
- Diversos estudos documentaron que as mulleres empregadas teñen mellor estado de saúde que as que traballan a tempo completo como amas de casa, situación que se explica polos beneficios que proporciona o emprego fóra da casa, entre eles as oportunidades para desenvolver a autoestima e a confianza persoal, o contacto e apoio social para persoas que doutra forma estarían illadas e as experiencias que aumentan a satisfacción persoal. Ademais, o salario dálles ás mulleres independencia económica e incrementa o seu poder na familia. Estas circunstancias apoian a hipótese de «potenciación de rol», segundo a cal os diferentes roles poden actuar como fontes alternativas de benestar (ARTAZCOZ, L. e BORRELL, C. 2007).
- No caso das mulleres, a asunción dos novos roles supón unha sobrecarga física e emocional que condiciona negativamente a súa saúde. Está documentado que o emprego ten efectos beneficiosos sobre a saúde das mulleres solteiras, pero non sobre a das casadas (WALDRON, I. WEISS, C. C. e HUGHES, M. E. 1998) ou que entre as nais estes beneficios se limitan ás que traballan a tempo parcial, o que parece confirmar que cando a carga de traballo total é alta, compaxinar a vida laboral e a familiar pode danar a saúde.
- O xénero (as atribucións que se realizan dos roles feminino e masculino) introduce diferenzas nas condutas relacionadas coa saúde:
- As mulleres preocupáanse máis e aplican máis coidados á súa saúde que os homes.
- Os homes son máis proclives a implicarse ou participar en condutas que presentan riscos claros para a saúde (comportamentos que conducen a lesións por accidentes, violencia, consumo de tabaco, de alcohol e drogas ilegais, etc.).
- O modelo tradicional de masculinidade, que inicialmente podería ser percibido como un factor promotor da saúde, na medida en que lles permite

aos homes un maior acceso aos recursos sociosanitarios, ten en realidade implicacións negativas sobre a saúde (ARTAZCOZ, L. E BORRELL, C. 2007). Ese modelo, aínda vixente na nosa sociedade, implica asumir riscos para a saúde, un condicionante do comportamento especialmente perceptible entre os adolescentes.

- Así mesmo, a socialización neste estereotipo de masculinidade significa resistencia a admitir debilidades, o que adoita asociarse cunha escasa atención ás mensaxes de promoción da saúde e cun menor uso dos servizos sanitarios cando son necesarios (CAMERON, C. BERNARDES, D. 1998).
- A coexistencia temporal dos modelos de socialización de xénero tradicional e contemporáneo fai que entren en conflito os ideais de feminidade e masculinidade e a posta en práctica destas identidades, o que incrementa a vulnerabilidade de homes e mulleres. Este conflito de roles repercute negativamente na saúde, posto que provoca a modificación do comportamento de moitas mulleres que para procurar axustarse á moderna definición do rol feminino asumen comportamentos de risco que ata non hai moito eran condutas características do rol masculino (VELASCO, S. 2006).
- A superación do modelo tradicional ten tamén repercusións positivas sobre a saúde, facilitando a introdución de cambios que favorecen a protección da mesma. No caso das mulleres, conseguindo autonomía, independencia, creando redes de apoio social, participando en diferentes espazos da vida pública, compartindo cos homes as tarefas do fogar e non apoiando todo o seu proxecto vital no coidado e servizo dos demais (MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO 2007).



Relacionadas coas **drogas**

Relacionadas cos **significados e percepcións** dos consumos

- Consumir drogas non ten o mesmo significado para homes e mulleres, nin é valorado do mesmo modo polos demais. Mentres que no caso dos homes os consumos son percibidos como unha conduta natural, social e culturalmente aceptada (salvo en casos extremos onde aparecen asociados a condutas violentas, temerarias ou antisociais), entre as mulleres supón un reto aos valores sociais dominantes. As mulleres con problemas de adicción ás drogas soportan unha maior sanción social que os homes, que se traduce na súa estigmatización e nun menor grao de apoio familiar ou social.
- As mulleres con consumos problemáticos de drogas perciben con máis frecuencia e intensidade que os homes que fracasaron a nivel persoal, familiar e social, incapaces de desempeñar satisfactoriamente o papel que lles foi asignado (ser unha boa nai ou unha boa ama de casa). As consecuencias desta vivencia adoitan ser a desvalorización persoal, as tensións e conflitos familiares, cando non a violencia familiar. Ademais, deben facer fronte á incompreensión e o rexeitamento por parte do seu ámbito social máis próximo.
- A estigmatización das mulleres con problemas de adicción ás drogas reforza o seu illamento social, á vez que favorece a ocultación do problema e a ausencia e/ou demora na solicitude de axuda para superar este. Son reiteradas as evidencias clínicas que sinalan que atrasan a solicitude de axuda ata o momento en que as consecuencias sobre a súa saúde física e mental ou na súa vida familiar, social ou laboral alcanzan unha entidade tal que as fai insostibles.
- A percepción dos consumos en función de xénero está moi condicionada polo factor xeracional. Se entre as persoas adultas, na súa maioría educadas nun modelo tradicional de identidades e roles feminino ou masculino, o consumo de drogas por parte das mulleres ten un marcado grao de rexeitamento social, non acontece o mesmo coas xeracións de adolescentes e novos, educados en valores que defenden a igualdade entre homes e mulleres e que, consecuentemente, ven con normalidade o feito de que compartan os mesmos comportamentos e hábitos.

Relacionadas cos patróns de consumo

- A superación dos roles tradicionais supuxo que as mulleres asumisen condutas de risco (como o consumo de tabaco, alcohol ou outras drogas) ata hai poucas décadas consideradas propias dos homes, o que se traduciu nun incremento substancial dos consumos femininos.
- A pesar deste incremento entre as mulleres rexistrado nas dúas últimas décadas, os consumos de todas as drogas, coa única excepción dos psicofármacos, seguen sendo moi superiores entre os homes.
- Os homes non só rexistran prevalencias de uso das diferentes drogas máis elevadas que as mulleres, senón que consomen maiores cantidades e cunha frecuencia superior (os consumos problemáticos e/ou de risco seguen sendo moito máis prevalentes entre os homes).
- A diferenza do que acontece na poboación adulta, onde os consumos de drogas son claramente superiores entre os homes, entre os adolescentes galegos obsérvase practicamente unha equiparación nos hábitos de consumo entre homes e mulleres. Mozos e mozas fuman tabaco, beben alcohol (e abusan del) e manteñen consumos experimentais ou esporádicos de cannabis e cocaína en porcentaxes similares.
- As mulleres iníciase no consumo de drogas en idades xeralmente algo máis avanzadas que os homes, aínda que entre os e as adolescentes estas diferenzas son mínimas.
- Algúns estudos (RODRÍGUEZ-SANZ, M. et al. 2005) sinalan que entre as mulleres das clases sociais máis altas continúa aumentando a frecuencia de consumidoras de tabaco e de grandes fumadoras. Os motivos desta situación estarían relacionados coas presións que recibe este grupo, tanto por cargas estresantes como por modelos de xénero vixentes que poden seguir validando o feito de fumar como recurso estético.
- Mentres que no caso dos homes as maiores prevalencias dos consumos de risco de alcohol se rexistran entre as clases sociais menos favorecidas, nas mulleres estes consumos localízanse entre as clases máis favorecidas. Esta pauta de consumo de risco en función da clase social no caso das mulleres está relacionada, igual que no caso do tabaco, co cambio das expectativas que supón o modelo actual de xénero, que facilitaría a adopción de condutas ata hai pouco tempo consideradas como masculinas (RODRÍGUEZ - SANZ, M. et al. 2006).
- Nos últimos anos produciuse un repuntamento no uso de tranquilizantes, tanto entre os homes como entre as mulleres, aínda que o seu consumo segue sendo sensiblemente superior entre as mulleres, que practicamente duplican as prevalencias observadas entre os homes. As mulleres teñen, ademais, unha maior tendencia que os homes a simultanear o consumo de tranquilizantes e de alcohol.

- Os consumos de drogas ilícitas son moi superiores entre os homes; non obstante, estas diferenzas acúrtanse, ata case desaparecer, no caso dos adolescentes. A partir dos 40 anos a presenza de mulleres consumidoras de drogas ilícitas redúcese de forma drástica, ata alcanzar niveis testemuñais no caso de substancias como a cocaína.

Relacionadas coas **motivacións** e os **factores** asociados ao consumo

- As motivacións de homes e mulleres para iniciarse no consumo das distintas drogas ou para manter estes non son sempre coincidentes, o cal non significa que non existan elementos motivacionais comúns entre homes e mulleres, en especial entre os adolescentes, educados nun modelo de roles de xénero máis igualitario.
- Os factores relacionados cos cambio de roles e a definición da nova forma de identidade feminina, xunto co elevado nivel de exixencia que iso leva consigo (traducido nun crecente nivel de estrés), exercen unha grande influencia no consumo de drogas por parte das mulleres, en especial en relación con substancias como o tabaco, o alcohol e os psicofármacos.
- Existen factores de risco e protección específicos para homes e mulleres.
- Entre os factores de risco que as investigacións realizadas ata o momento identifican como asociados ao consumo de drogas por parte das mulleres inclúense:

- Aínda que boa parte dos factores de risco asociados ao consumo de drogas non son exclusivos das mulleres, prodúcese certa sobreexposición feminina a determinados factores, que inciden sobre as mulleres de forma singular ou diferenciada. Un exemplo desta sobreexposición atópase na publicidade de bebidas alcohólicas e tabaco que tivo como poboación diana as mulleres, en especial as adolescentes, resaltando a idea de que a conquista da igualdade de xénero pasa pola asunción de comportamentos ata hai pouco exclusivos dos homes.
- Poden extraerse algunhas conclusións xerais en relación cos factores asociados aos consumos de drogas por parte das mulleres:
 - O importante peso que teñen os consumos como resposta a determinados estados emocionais ou sintomatoloxía negativa de carácter psicolóxico: as mulleres consomen drogas en boa medida para tratar de manexar ou evitar problemas de estrés, ansiedade, etc.
 - O singular impacto que teñen os factores familiares, feito que estaría relacionado coas maiores dificultades das mulleres para illarse/afastarse dun ámbito familiar conflictivo ou hostil.
 - A función que os consumos de drogas exercen como instrumentos facilitadores da sociabilidade feminina e da súa presenza nos espazos públicos.
- Obsérvanse diferenzas de xénero en relación cos factores de protección, algúns deles cunha maior influencia sobre as mulleres:
 - As mulleres, incluídas as adolescentes, teñen unha maior percepción do risco asociado ao consumo de drogas, o que lles permite desenvolver estratexias de control e evitación das condutas de uso e/ou abuso de drogas.
 - As mulleres atribúenlle maior valor á saúde, tanto de si mesmas como das demais persoas, o que fai que manteñan máis autocoidados que os homes.
 - O modelo tradicional de roles, vixente en moitos pais e nais, proporcionalles un plus adicional de protección fronte ás drogas ás mozas, que se concreta en:
 - 1) As actitudes paternas sobre o consumo de drogas por parte das fillas adolescentes son menos permisivas que no caso dos fillos homes,
 - 2) prodúcese un maior nivel de supervisión e/ou control sobre as actividades das fillas e
 - 3) prodúcese unha maior restrición á participación das mozas nos espazos de ocio nocturno nos que é frecuente observar consumos das denominadas drogas recreativas.

Relacionadas coas **motivacións específicas** para consumir as diferentes substancias



Motivacións para o consumo de tabaco

- A conquista do ámbito social polas mulleres exíxelles reproducir as condutas propias deste, por iso o tabaco é percibido como símbolo da independencia feminina e a igualdade entre sexos, identificando o seu consumo como signo de autonomía, atractivo e éxito social (ARTAZCOZ, L. e BORRELL, C. 2007).
- Os factores asociados ao inicio do tabaquismo son diferentes en mulleres e homes e están profundamente marcados polos roles de xénero. Mentres que a autoestima, o estrés, os problemas co peso corporal e a preocupación pola autoimaxe son os factores que máis inflúen na iniciación das mozas, nos mozos fumar forma parte da busca de novas sensacións (BECOÑA, E. e VÁZQUEZ, F. L. 2000).
- Obsérvanse diferenzas de xénero nos patróns de consumo de tabaco entre os adolescentes: as rapazas fuman máis para facer amizades e establecer relacións sociais, como forma de rebelarse contra os pais e outras autoridades e para perder peso (GARCÍA, L. e GONZÁLEZ, M. T. 2002).
- A preocupación pola imaxe corporal, o control do peso e o afrontamento do estrés son os factores psicolóxicos que máis inflúen no inicio e mantemento do tabaquismo feminino (JANÉ, M. et al. 2001).
- Aínda que homes e mulleres fuman para reducir o estrés, os factores desencadeadores son distintos. Mentres que as mulleres fuman como reacción a experiencias negativas, os homes fano habitualmente para aumentar sensacións positivas (BRUNSWICK, A., MESSERI, P. 1984; FERNÁNDEZ, E. SCHIAFFINO, A. PERIS, M. 2001).
- Tamén se observan diferenzas de xénero nas motivacións para seguir fumando. O temor a engordar é, de feito, un dos factores que máis contribúen a que as mulleres sigan fumando ou se impliquen menos no abandono dos cigarros. Iso débese a que o estereotipo actual de muller ideal impón a delgadeza, non só como requisito estético, senón como vía para alcanzar o éxito social (TUBERT, S. 2005).



Motivacións para o consumo de alcohol

- 👤 O elemento diferencial perceptible na etiología dos problemas de abuso de alcohol que lles afectan ás mulleres é que este tipo de consumos responden, fundamentalmente, a unha conduta evasiva fronte a situacións conflitivas ou estresantes, relacionadas con certos acontecementos vitais traumáticos e con conflitos e rupturas familiares e/ou de parella, circunstancia que explicaría as importantes taxas de trastornos psiquiátricos presentes entre as mulleres dependentes do alcohol.
- 👤 Tamén entre as adolescentes os motivos do consumo de alcohol se relacionarían coa necesidade de escapar dos problemas, canalizar a frustración e o enfado, así como evitar estados emocionais negativos. Ademais, as mozas, a diferenza dos mozos, poden ser introducidas neste consumo polas súas parellas sentimentais, as cales adoita ser de maior idade. Así mesmo, o consumo de alcohol (e tabaco) entre as mozas vese favorecido por unha pobre comunicación familiar.
- 👤 Algúns estudos (BLOOMFIELD 2002) sinalan que o incremento do uso de alcohol en mulleres profesionais ten que ver coa presión xerada polos seus compromisos e obrigas familiares e profesionais, xunto coa necesidade de adaptarse aos ambientes ata hai pouco exclusivamente masculinos.
- 👤 Os problemas co alcohol son moito máis prevalentes entre as mulleres con trastornos psicolóxicos (con frecuencia sinalouse a depresión como posible orixe do alcoholismo feminino), que sufriron abusos sexuais durante a infancia (WIINFIELD, L. et al. 1990) ou que foron vítimas da violencia de xénero.



Motivacións para o consumo de tranquilizantes e psicofármacos

- 00 O uso de tranquilizantes e outros psicofármacos (somníferos, ansiolíticos, etc.) asóciase, tanto no caso dos homes como das mulleres, coas tensións sociais (familiares, laborais, etc.) propias das sociedades avanzadas. Nas mulleres, principais consumidoras destes produtos, as motivacións relaciónanse coa necesidade de evitar certa sintomatoloxía (estrés, angustia, ansiedade, tristura ou insomnio) que deriva das súas responsabilidades familiares e/ou da compatibilidade do traballo dentro e fóra do fogar.
- 00 Moitas das mulleres consideran estas reaccións emocionais ante certas circunstancias e condicións de vida como unha enfermidade, que pretende ser superada co uso de psicofármacos (de la CRUZ, M. J. et al. 2002). Prodúcese, polo tanto, unha “medicalización do malestar”.



Motivacións para o consumo doutras drogas

- 00 Numerosos estudos indican que a iniciación ao consumo de drogas por parte das mulleres se asocia a relacións afectivas con parellas consumidoras e como reposta a situacións conflitivas a nivel persoal ou familiar (violencia, abusos, etc.).

Sobre a incidencia diferencial da publicidade

- A publicidade ten un papel determinante nos hábitos de consumo de alcohol e tabaco, ao manipular os procesos de identificación persoal e de integración grupal. O seguimento das estratexias de márketing das empresas produtoras e distribuidoras de bebidas alcohólicas e tabaco confirma que os adolescentes e as mulleres son os seus principais destinatarios (SÁNCHEZ, L. 2006).
- As influencias sociais que perciben as mulleres para adaptarse ao novo rol social que lles asigna o moderno modelo de xénero son utilizadas de forma reiterada pola publicidade, que tivo un papel determinante no incremento do consumo de tabaco e de alcohol por parte delas. A publicidade atribúelle significados simbólicos ao consumo de tabaco, asociándoo á satisfacción de determinadas necesidades sociais e psicolóxicas das mulleres, na súa maioría derivadas dos cambios nos roles de xénero tradicionais (vitalidade, delgadeza, sofisticación ou atractivo físico). Mentres que a industria busca atraer os homes a través de mensaxes ligadas a estereotipos de masculinidade, tales como o poder, a riqueza, a fortaleza física ou o éxito sexual (KAUFMAN N. J. e NICTER M. 2001).
- A publicidade de bebidas alcohólicas e de tabaco integra perfectamente a perspectiva de xénero, mostrando as contradicións entre os modelos de roles tradicional e moderno e explotando estas para os seus intereses. De feito, utiliza de forma simultánea ou complementaria referencias e estereotipos do moderno modelo de xénero (cando se dirixe á poboación adolescente), chamadas ou referencias a romper ou superar o modelo tradicional (cando se dirixe a mulleres adultas educadas nun modelo tradicional de feminidade) e referencias a estereotipos do modelo tradicional de masculinidade e feminidade, cando lle son funcionais aos seus obxectivos de fortalecer o consumo destes produtos en homes e mulleres.
- A análise dos contidos e mensaxes da publicidade de bebidas alcohólicas e tabaco (SÁNCHEZ, L. 2006) permite comprobar a vixencia desta tripla estratexia baseada na perspectiva de xénero:
 - Utilización de actrices, modelos e mulleres famosas e con éxito social fumando ou bebendo alcohol, que encarnaban as aspiracións de moitas mulleres de emancipación e ruptura cuns roles sociais que durante anos as situaban nun papel subordinado fronte aos homes. A mensaxe explícita que se dirixe ás mulleres é a de “atrévete”, “dá un paso”, mentres que os anuncios asocian o consumo de tabaco ou alcohol coa modernidade, a igualdade, a liberdade, a emancipación e a independencia feminina.
 - Referencias ás asociacións cos estereotipos tradicionais da masculinidade (transgresión, éxito, virilidade, poder, paixón, etc.) e a feminidade (sensualidade, sedución, sofisticación, glamour, etc.).

- Referencias a unha moderna identidade xuvenil, baseada na igualdade de mozos e mozas, onde o grupo, a diversión e a transgresión (que se asocian co consumo de bebidas alcohólicas e tabaco) aparecen como compoñentes básicos desta. As evocacións que inclúe a publicidade dirixida a adolescentes e mozos non explota tanto as diferenzas de xénero como o feito de reforzar unha identidade xuvenil uniforme, na que o consumo destes produtos aparece intimamente asociado ao resto de sinais que conforman a identidade xuvenil: transgresión, rebeldía, risco, aventura, descubrir cousas novas, diversión, pracer, amizade, sociabilidade, integración grupal, etc.

Sobre a vulnerabilidade aos efectos das substancias

- Homes e mulleres teñen diferentes características físicas, psicolóxicas e sociais que son a causa do distinto impacto dos consumos de drogas. En xeral, as mulleres son moito máis vulnerables aos efectos do tabaco, o alcohol, os tranquilizantes e as drogas ilícitas, de maneira que con doses similares experimentan máis e máis graves efectos asociados ao consumo.
- As mulleres mostran unha maior vulnerabilidade aos efectos do alcohol e expóñense máis que os homes ao risco de danos hepáticos (hepatite, cirrose), cerebrais e enfermidades cardíacas (MARSHALL, A. W. et al. 1983; HILL, S. Y. 1984; NATIONAL INSTITUTE ON ALCOHOL ABUSE AND ALCOHOLISM 1999). Factores metabólicos, endócrinos e xenéticos provocan que nas mulleres se instauren problemas de alcoholismo en menos tempo que entre os homes e que sufran disfuncións cerebrais e desenvolvan enfermidades hepáticas e cardíacas de xeito máis temperán, mesmo aínda que beban menos ca eles.
- As drogas teñen unha repercusión negativa na saúde sexual e reprodutiva das mulleres. O consumo de tabaco, alcohol ou outras drogas durante o embarazo provoca diversos trastornos asociados á redución da fertilidade, altera o curso do embarazo, causa diversos danos para o feto e o neonato e afecta ao desenvolvemento dos fillos e fillas, que se concretan nun maior risco de sufrir trastornos de conduta, problemas emocionais e dificultades na aprendizaxe e nas relacións sociais.
- Outras consecuencias do consumo de drogas na saúde sexual e reprodutiva son compartidas por homes e mulleres, como acontece coas disfuncións sexuais, as condutas sexuais de risco ou a transmisión de enfermidades infecciosas.
- A adicción ás drogas formula graves dificultades para o exercicio da maternidade. As mulleres con consumos problemáticos ou trastornos aditivos non seguen unhas pautas adecuadas de autocoidados da súa saúde, podendo descoidar a súa alimentación, hixiene persoal, o cumprimento de certos tratamentos médicos ou manter prácticas de risco, relacionadas ou non co consumo, que impliquen danos sobre a súa saúde. O seu distanciamento dos servizos sanitarios pode facer que non coñezan o seu embarazo ata varios meses despois de producirse este.
- As mulleres póñense en tratamento para superar os problemas de adicción en menor proporción que os homes, debido a que atopan maiores barreiras para iniciar tratamento: a) contan con menos apoio familiar e social, b) o inicio do tratamento supón con frecuencia abandonar as súas responsabilidades no coidado do fogar e os fillos menores e c) temen que facer pública a súa adicción supoña a retirada da custodia dos fillos.

- As mulleres teñen ademais unha evolución menos favorable que os homes nos tratamentos das adiccións. Na menor eficacia dos tratamentos das adiccións entre as mulleres inflúe, tanto o feito de que moitos dos servizos asistenciais non estean adaptados ás necesidades particulares das mulleres, como a presión que o propio ámbito familiar exerce para que o tratamento remate o antes posible, co fin de que as mulleres poidan asumir de novo as súas responsabilidades no fogar (moitas mulleres con frecuencia priorizan o coidado dos fillos e do fogar fronte á súa propia rehabilitación).

Elementos característicos das adiccións ás drogas presentes nas mulleres

- O comezo no consumo é algo máis tardío.
- Os trastornos aditivos progresan de forma máis rápida.
- Consomen menos cantidades que os homes, pero os trastornos físicos derivados do consumo son máis frecuentes e graves.
- Sofren de xeito singular o impacto das drogas na saúde sexual e reprodutiva.
- Maior severidade da adicción.
- Presentan en maior proporción que os homes outros trastornos psiquiátricos asociados á adicción ás drogas.
- Sinalan con máis frecuencia a presenza de trastornos psiquiátricos previos ao consumo problemático de drogas.
- A reacción ante a depresión, a ansiedade e o estrés aparece con frecuencia como desencadeadora do consumo de drogas.
- Maior probabilidade de ter historia de abuso físico ou sexual, de intentos de suicidios e de maltrato físico ou psicolóxico por parte da súa parella.
- Con maior frecuencia, o inicio do consumo relaciónase con eventos estresantes específicos.
- Teñen máis problemas familiares, laborais e económicos que os homes.
- Un menor apoio familiar e social para afrontar os problemas.
- Dispoñen de menos recursos para acceder a tratamento.

Sobre o impacto das drogas na actividade sexual

- Os mitos e crenzas populares que lle atribúen ao consumo de alcohol ou doutras drogas a capacidade de actuar como facilitador das relacións sexuais e potenciador do pracer sexual carecen de base científica. Fronte aos supostos efectos afrodisiacos das drogas, os estudos científicos confirman que o seu uso ou abuso produce unha rápida e intensa deterioración da actividade sexual.
- As evidencias científicas atribúenlle ao consumo crónico de drogas, entre outros, os seguintes efectos sobre a actividade sexual: impotencia sexual nos homes, frixidez, dor nas relacións e desinterese polo sexo nas mulleres e diminución do apetito sexual e ausencia de orgasmos en mulleres e homes. A base do negativo impacto do consumo de alcohol, tranquilizantes ou outras drogas na actividade sexual reside no feito de que estas substancias diminúen o impulso sexual e a excitación, inhiben ou suprimen a lubricación vaginal nas mulleres e provocan problemas de erección e na resposta orgásmica tanto en homes como en mulleres.
- As disfuncións sexuais e a insatisfacción sexual asociada ao consumo de alcohol ou doutras drogas reforza o uso destas substancias, como un xeito inadecuado de afrontar esa insatisfacción.
- As condutas sexuais seguen uns marcados patróns de xénero. A pesar da liberación sexual conseguida pola maioría das mulleres, aínda existen uns condicionantes sociais que fan que moitas mulleres non expresen abertamente as súas necesidades sexuais e que antepoñan o amor e a entrega incondicional aos desexos da parella á protección e o coidado da súa saúde (ARTAZCOZ, L. e BORRELL, C. 2007), uns comportamentos que son atribuídos ás desigualdades de xénero no poder sobre os encontros sexuais (CREPAZ, N. e MARKS G. 2002).
- O consumo de alcohol ou doutras drogas incrementa a posibilidade de manter condutas de risco. O seu efecto inicial desinhibidor, causa a perda de control e a deterioración do xuízo e da capacidade de tomar decisións acertadas, facilita os encontros sexuais e certos comportamentos de risco que, de estar en plenitude de condicións, serían evitados.
- O uso e abuso de alcohol e doutras drogas reduce as posibilidades de manter sexo seguro, dando lugar a diferentes prácticas sexuais de risco: esquecemento ou desatención das medidas de protección (relacións sexuais sen preservativo), contactos con parellas sexuais ocasionais sen protección, relacións non desexadas ou plenamente consentidas.
- A presenza destas prácticas de risco asociadas ao consumo de drogas explica a expansión que están a rexistrar as enfermidades de transmisión sexual, os embarazos non desexados e as interrupcións voluntarias do embarazo, en especial entre o colectivo de adolescentes.

- As prácticas sexuais de risco están xeneralizadas entre os consumidores de drogas e, de xeito especial, entre as persoas con problemas de adicción, o que incrementa o risco de transmisión/contaxio de diferentes enfermidades infecciosas (VIH/sida, hepatitis, enfermidades de transmisión sexual, etc.).
- Unha porcentaxe relevante de mulleres (e sensiblemente máis reducida de homes) con consumos abusivos de drogas ou problemas de adicción recurren á prostitución para financiar o consumo ou acceden a manter sexo con parellas ocasionais a cambio de drogas. O exercicio da prostitución, ademais de ilustrar as desigualdades de xénero que persisten na nosa sociedade, supón un grave risco para a saúde das mulleres que a practican, obrigadas a manter relacións sexuais de risco.


Sobre o impacto das drogas na violencia de xénero

- Numerosas evidencias científicas confirman a relación existente entre o consumo de alcohol, en especial cun patrón abusivo, e a violencia contra a parella. Un estudo internacional promovido pola Organización Mundial da Saúde (SÁNCHEZ, L. et al. 2004) puxo de relevo que:
 - Nos momentos previos aos episodios de violencia de xénero é relativamente habitual que o agresor, a vítima ou ambos os dous bebesen alcohol.
 - Existe unha asociación positiva entre os niveis de consumo de alcohol por parte dos agresores e a frecuencia das agresións inflixidas á parella: entre os bebedores abusivos a presenza de maltratadores é case dez veces superior á rexistrada entre os abstemios.
 - O abuso de alcohol incrementa substancialmente o risco de ser vítimas da violencia de xénero: as persoas que beben abusivamente sufriron agresións físicas nunha porcentaxe tres veces superior á das abstemias.
 - O consumo de drogas ilícitas por parte dos agresores correlaciónase positivamente coa frecuencia das agresións inflixidas, multiplicándose por dez con respecto aos non consumidores destas substancias.
 - Consumir drogas ilícitas incrementa notablemente o risco de ser vítima da violencia de xénero: as persoas consumidoras de drogas ilícitas distintas dos derivados do cannabis sufriron agresións físicas a mans da súa parella nunha porcentaxe cinco veces superior á das non consumidoras.

4

Propostas para incorporar a perspectiva de xénero aos programas de prevención das drogodependencias

Algunhas das propostas que se mencionan a continuación foron tomadas e adaptadas dunha serie de recomendacións xerais formuladas por diferentes entidades e institucións, entre as que se inclúen o Observatorio da Saúde da Muller do Ministerio de Sanidade e Consumo, o Panel Europeo sobre o Mainstreaming de Xénero (“transversalidade de xénero”) en Saúde, o Grupo de Xénero e Tabaco do Comité Nacional de Prevención do Tabaquismo e a Oficina das Nacións Unidas Contra a Droga e o Delito (ONUDD 2004).





Propostas en materia de **investigación** e **formación**

- É preciso fomentar a investigación sobre cuestións de xénero relacionadas coa saúde e as drogas. Xerar evidencia científica é un dos mellores procedementos para demostrar a necesidade de modificar e mellorar as políticas, facéndoa sensible á perspectiva de xénero. As administracións deben incorporar nas súas investigacións a perspectiva de xénero e incluíla como un dos criterios relevantes para o financiamento de calquera investigación.
- Iso leva consigo establecer programas de formación sobre xénero e drogas destinados tanto ás persoas que investigan como aos responsables das institucións que deciden as propostas de investigación a desenvolver.
- Considérase prioritario o desenvolvemento de investigacións destinadas a coñecer a influencia do xénero nos consumos de drogas, en especial as dirixidas a:
